


## Acordo de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Reunidos en Santiago de Compostela, a 5 de febreiro de 2014.

Dunha banda, Jose Manuel Rey Varela, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, e doutra Teresa París Blanco, presidenta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

### MANIFESTAN



**Primeiro.** Que como se recolle nos convenios de 8 de xaneiro de 1998 e de 6 de outubro de 2005, a Fegamp está disposta a contribuír na medida das súas posibilidades ao desenvolvemento de accións de cooperación e solidariedade internacional que fagan partícipe ao municipalismo galego do compromiso universal coa defensa e promoción dos Dereitos Humanos.

**Segundo.** Que desde a fundación do Fondo Galego, en novembro de 1997, esta asociación municipalista tense convertido nun punto de encontro da cooperación municipalista galega, estando asociados actualmente 92 entidades, conformándose de facto como a súa axencia para a cooperación internacional e como a rede sectorial máis numerosa do municipalismo galego.

**Terceiro.** Que durante os seus 15 anos de andaina, o Fondo Galego tense consolidado como un servizo mancomunado da administración local galega non só para a execución de proxectos de cooperación internacional senón como unha rede de actividades de sensibilización en Galicia que incorporan á axenda local a defensa e promoción dos Dereitos Humanos.

**Cuarto.** Que a Fegamp considera positivo e necesario que o Fondo Galego, como axencia da cooperación internacional municipalista galega, posibilite unha opción ampla, plural, participativa e democrática e fomente a colaboración de todas as entidades locais galegas con independencia do seu tamaño e posibilidades orzamentarias.

**Quinto.** Que ambas partes reafirman a idoneidade e valor cualitativo do espazo local como ámbito para fomentar a conciencia e o compromiso cívico coa erradicación da pobreza e o fomento da igualdade e a xustiza social no eido global.

